

**RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día dez de xullo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**24/416 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 7-2017. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 14 DE XULLO DE 2019 ATA O 13 DE XULLO DE 2020.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 18 de xuño de 2019 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e visto:

1º.- Contrato administrativo do SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 7-2017) asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L en data 14 de xullo de 2017 por un prezo para a primeira anualidade de 86.721,6 euros IVE incluído, sendo o prezo unitario/menú de 3,90 euros máis o IVE – 4%- (0,16 euros) resultando un prezo total de 4,06 euros/menú IVE incluído; e cunha duración de DOUS ANOS contado a partires da data da súa formalización que poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais sen que a duración total incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

2º.- Solicitud de prórroga por un ano presentada pola empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L con data do 13 de xuño de 2019, xunto coas certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social.

3º.- Informe emitido polo/a responsable do contrato con data do 17 de xuño de 2019 favorable á prórroga solicitada por un período de un ano. Neste informe indícase que as melloras (un día a maiores de reparto) estanse a levar a cabo correctamente.

4º.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 23182.22799 do Orzamento Municipal de 2019 por importe de 36.134 euros (RC 64333).

5º.- Informe de Tesourería, de data 5 de xuño de 2019 da non existencia de débedas tributarias municipais.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no apartado 3 da Disposición Adicional segunda do Texto Refundido

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 19x290240416

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-7-2019

da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo número 3/2011 do 14 de novembro.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. co B-27831783 para a prestación do **SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 7-2017)** desde o 14 de xullo de de 2019 ata o 13 de xullo de 2020 en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 36.134 euros (RC 64333; C.P 192318202-xantar no fogar) para o ano 2019 con cargo á aplicación 23182.22799 do vixente orzamento xeral e adoptar o compromiso de habilitar crédito para facer fronte ao gasto derivado da prórroga para o exercizo 2020.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra él caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refº: 19x290240416

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-7-2019

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.**



MURALLA  
patrimonio da humanidade



CSV: 8DzqZjmY2GkUwCDIxGC5uA==

SINATURAS

LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA  
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA  
- ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS

PAXINA: 3 / 3

DATAS(UTC)

16/07/2019 09:28:06

16/07/2019 09:28:05